



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais. Ano 2025



PROVINCIA DE A CORUÑA – ANO 2025

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	1.778.791	4,2%	3.244.837	4,1%	1,82	-0,1%	50,28%	2,00
PENSIÓNS	578.550	-9,4%	894.361	-8,8%	1,55	0,8%	35,48%	-2,37
ESTAB. HOTELEIROS	2.357.343	0,5%	4.139.198	1,0%	1,76	0,5%	46,12%	0,82
APTOS. TURÍSTICOS	120.679	5,6%	289.800	4,7%	2,40	-0,8%	28,26%	1,89
CÁMPINGS	158.357	24,5%	451.736	22,1%	2,85	-1,9%	25,67%	4,68
TURISMO RURAL	82.726	2,0%	134.690	-2,7%	1,63	-4,6%	29,73%	2,45
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	361.762	12,1%	876.226	11,6%	2,42	-0,4%	-	-
TOTAL	2.719.105	1,9%	5.015.424	2,7%	1,84	0,8%	-	-

- No pasado ano 2025 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística nos establecementos colectivos da provincia de A Coruña. En termos globais a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 2% e o volume de noites un 3% en relación ao anterior 2024.
- Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano -do 1%- mais engádese á dinámica positiva rexistrada nos tres anos anteriores, de 2021 a 2023 -a taxas descendentes-. As variacións dos últimos tres anos non son moi significativas mais permite ao conxunto da oferta de aloxamento colectivo da provincia de A Coruña superar por vez primeira na serie histórica os 5 millóns de pernotacións.
- En termos de viaxeiros aloxados o nivel sitúase por encima de 2,7 millóns neste 2025 –tamén a cifra máis alta da serie histórica-.
- A Coruña absorbe o 40% do total da demanda turística colectiva de Galicia. É neste sentido a provincia de maior peso no conxunto da comunidade, só un punto por encima do peso de Pontevedra -que absorbe o 39% do total-.
- Neste 2025 o 83% da demanda turística corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 65%- como ás pensións –co 18% neste caso-. O 17% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro,




porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6% da demanda total-, aos cámpings –co 9%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen algo máis do 2% neste caso-.


- En termos dinámicos obsérvase un comportamento variable da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento consideradas. Así neste 2025 sobe o volume de noites nos hoteis –un 4,1%-, nos apartamentos turísticos –un 4,7%- e sobre todo nos cámpings –un 22% neste caso-. Contrasta isto coas caídas rexistradas nas pensións –do 9%- e no segmento de turismo rural –do 3% neste caso-.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu o 83% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 65% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 17%, e aos españois que proceden do resto do Estado –segmento maioritario que representa o 48% do total-. O 35% corresponde ao turismo internacional –a segunda porcentaxe máis elevada da serie histórica-.
 - En síntese, por tanto, o mercado receptor –de fóra de Galicia- supón na Coruña o 83% do total –porcentaxe similar á dos últimos tres anos-. É a provincia con menor peso do turismo interno e, pola contra, aquela con maior peso do mercado internacional.
 - En termos dinámicos o mercado interno mantense relativamente estable, en volumes parellos aos de 2024, o receptor nacional sobe un 4% e, en cambio, cae o internacional –un 2% neste caso-.
- A estadía media no conxunto dos establecementos colectivos da provincia sitúase en 1,8 noites de media, cifra similar á do pasado 2024 e inferior á de anos anteriores. Estabilízase a estadía media logo de catro anos consecutivos de caídas, a taxas variables, que levan a cifra final de 2,3 noites en 2020 a 1,8 agora en 2025.
- Os cámpings son a tipoloxía coa estadía media máis elevada, con 2,9 noites de media neste 2025 –cifra inferior á de 2024-. Nos apartamentos turísticos a cifra é tamén elevada –de 2,4 noites-, ficando as restantes tres tipoloxías con valores inferiores ás dúas noites –con 1,8 noites os hoteis, 1,6 noites os aloxamentos de turismo rural e 1,5 noites as pensións-.
- Os niveis de ocupación presentan un comportamento similar ao da demanda en todas as tipoloxías agás nos aloxamentos de turismo rural –modalidade na que se incrementa como consecuencia dun descenso da oferta superior en intensidade á caída da demanda-. Mellora tamén o nivel de ocupación nos hoteis –en dous puntos porcentuais-, nos apartamentos turísticos –tamén en dous puntos- e nos cámpings –en preto de cinco puntos neste caso-. A ocupación cae unicamente nas pensións –en máis de dous puntos neste caso-.
- Os hoteis son as tipoloxías que rexistran o nivel de ocupación máis elevado da oferta colectiva cun 50,3% de media. Nas restantes tipoloxías a cifra fica ben por encima do 30% –caso das pensións, cun 35,5%- ou ben por debaixo desa cifra –con preto do 30% nos apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural, e cun 26% nos cámpings-.




Reparto da demanda turística, por tipoloxías. 2025




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2025/24



Estadía media, por tipoloxías. Ano 2025



Evolución demanda turística A CORUÑA. Noites 2015-25





PROVINCIA DE LUGO – ANO 2025

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	528.032	4,9%	934.520	4,9%	1,77	-0,1%	43,88%	1,80
PENSIÓNS	329.166	25,5%	448.358	20,2%	1,36	-4,2%	33,49%	3,49
ESTAB. HOTELEIROS	857.197	12,0%	1.382.879	9,4%	1,61	-2,3%	39,87%	2,26
APTOS. TURÍSTICOS	81.244	24,3%	251.451	20,7%	3,10	-3,0%	28,55%	1,37
CÁMPINGS	51.968	22,2%	116.196	23,9%	2,24	1,4%	24,95%	-0,51
TURISMO RURAL	43.564	-12,6%	83.296	-10,1%	1,91	2,8%	19,45%	0,66
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	176.776	12,1%	450.943	14,2%	2,55	1,9%	-	-
TOTAL	1.033.973	12,0%	1.833.822	10,5%	1,77	-1,3%	-	-

- No pasado ano 2025 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística nos establecementos colectivos da provincia de Lugo. A nivel global a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 12% e o volume de noites un 10,5% en relación ao anterior 2024.
- Son cinco anos consecutivos de crecemento da demanda turística na provincia de Lugo, pasando de algo máis de 1,4 millóns de noites en 2019 ou 2022 a máis de 1,8 millóns agora en 2025 –cifra que supón un máximo da serie histórica–.
- En termos de viaxeiros aloxados o incremento deste ano sitúa o volume final por encima do millón, tamén a cifra máis elevada da serie histórica.
- Lugo absorbe o 15% do total da demanda turística de Galicia, cando menos no aloxamento colectivo. É a terceira provincia de maior peso no conxunto da comunidade –supera neste caso o nivel rexistrado na provincia de Ourense–. Nunha perspectiva dinámica Lugo é a provincia de mellor comportamento relativo neste 2025, isto é, a que presenta a taxa de crecemento máis elevada dentro da comunidade.
- Neste 2025 o 75% da demanda turística colectiva corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 51% do total– como ás pensións –co 24% neste caso–. O 25% restante, en cambio, sitúase no segmento




extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 14% da demanda total-, aos cámpings –co 6%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,5% neste caso-.


- Neste ámbito Lugo é a provincia con maior peso das pensións dentro da estrutura da demanda.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo da demanda en practicamente todas as tipoloxías de aloxamento, coa única excepción dos aloxamentos de turismo rural –que amosan unha caída do 10% en relación ao 2024-. Os incrementos igualan ou superan o 20% interanual nas pensións, nos apartamentos turísticos e nos cámpings, e quedan no 5% para os hoteis.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu o 75% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 77% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 27% e aos españois que proceden do resto do Estado –segmento maioritario que representa o 50% do total-. O 23% da demanda corresponde ao turismo internacional.
 - O mercado receptor –de fóra de Galicia- supón, por tanto, o 73% do total da demanda.
 - Obsérvase neste 2025 un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Incrementábase así o turismo de ámbito nacional –nun 17% o interno, dos residentes en Galicia, e nun 6% o que procede do resto do Estado- e o internacional –nun 8% neste caso-. Os tres grandes mercados participan, en consecuencia, da boa dinámica global.
- A estadía media no conxunto dos establecementos colectivos da provincia sitúase en 1,8 noites de media, cifra que descende un 1% en relación ao anterior ano 2024. A variación é pouco significativa, e en realidade a estadía media mantense no contorno de 1,8 noites por terceiro ano consecutivo.
- Os apartamentos turísticos son a tipoloxía coa estadía media máis elevada, con 3,1 noites de media neste 2025. Nos cámpings a cifra sitúase por riba das dúas noites –con 2,2 en particular- mentres que nas restantes modalidades fica por debaixo deste nivel. O valor máis baixo rexístrase nas pensións con algo menos de 1,4 noites de media.
- En canto aos niveis de ocupación obsérvase neste 2025 un comportamento variable. Neste sentido sobe e mellora no ámbito hoteleiro –en case dous puntos nos hoteis e en máis de tres puntos nas pensións- e nos apartamentos turísticos –en algo máis dun punto neste caso-. Mantense estable, en cambio, nos cámpings e no segmento de turismo rural.
- Os hoteis son a tipoloxía que rexistra o nivel de ocupación máis elevado da oferta de aloxamento cun 40,1% de media neste ano. Nas pensións a porcentaxe sitúase por encima do 30% –concretamente no 33,5%- ficando os apartamentos turísticos cun 28,5%, os cámpings cun 24,9% e os aloxamentos de turismo rural coa cifra máis baixa cun 19,5%.




Reparto da demanda turística, por tipoloxías. 2025




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2025/24



Estadía media, por tipoloxías. Ano 2025



Evolución demanda turística LUGO. Noites 2015-25





PROVINCIA DE OURENSE – ANO 2025

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	287.067	-7,1%	562.312	-6,0%	1,96	1,2%	37,09%	-2,27
PENSIÓNS	54.191	14,8%	97.163	0,0%	1,79	-13,0%	17,05%	0,37
ESTAB. HOTELEIROS	341.255	-4,2%	659.475	-5,2%	1,93	-1,0%	31,61%	-1,47
APTOS. TURÍSTICOS	15.154	28,2%	34.210	18,1%	2,26	-7,8%	23,59%	3,17
CÁMPINGS	11.309	7,5%	20.559	4,1%	1,82	-3,2%	12,12%	-1,76
TURISMO RURAL	25.496	-15,5%	47.490	-15,9%	1,86	-0,5%	17,69%	-2,24
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	51.959	-1,1%	102.259	-2,8%	1,97	-1,7%	-	-
TOTAL	393.214	-3,8%	761.734	-4,9%	1,94	-1,1%	-	-


- No pasado ano 2025 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística nos establecementos colectivos da provincia de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados descende un 4% e o volume de noites un 5% en relación ao anterior 2024.
- Cae a demanda logo de estabilizarse en 2024 e de rexistrar crecementos consecutivos no período 2021-23. Neste sentido, Ourense é a única provincia con comportamento negativo da demanda neste ano 2025.
- Ourense absorbe o 6% do total da demanda turística colectiva de Galicia. É neste sentido a provincia de menor peso no conxunto da comunidade.
- Neste 2025 o 87% da demanda turística corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 74% do total- como ás pensións –co 13% neste caso-. O 13% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,5% da demanda total-, aos cámpings –co 3%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 6% neste caso-. Neste punto Ourense é a provincia de maior peso do segmento hoteleiro.




- Neste contexto obsérvase un comportamento dispar da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento consideradas, con variacións de diversa dirección e intensidade. O volume de noites increméntase en dúas modalidades concretas: un 18% nos apartamentos turísticos e un 4% nos cámpings. A demanda mantense estable nas pensións e descende tanto nos hoteis -nun 6%- como no segmento de turismo rural -un 16% neste caso-.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu o 87% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 85% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 38% e aos españois que proceden do resto do Estado –cun 47% neste caso-. O 15% da demanda corresponde ao turismo internacional.
 - Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso do turismo interno e, pola contra, aquela con menor peso do mercado internacional.
 - Obsérvase neste 2025 un comportamento negativo dos tres grandes segmentos de mercado, con descenso de similar intensidade. Neste sentido cae o turismo nacional -nun 5% o interno e nun 6% o que procede do resto do Estado- así como o internacional -nun 4% neste caso-.
- A estadía media no conxunto dos establecementos colectivos da provincia sitúase en 1,9 noites de media, cifra que descende un 1% en relación ao anterior ano 2024.
- Os apartamentos turísticos son a tipoloxía coa estadía media máis elevada, con 2,3 noites de media neste 2025. Os hoteis rexistran unha media próxima ás dúas noites, ficando as restantes modalidades por debaixo desa cifra -con arredor de 1,8 noites tanto as pensións como os cámpings e aloxamentos de turismo rural-.
- En relación cos niveis de ocupación obsérvase igualmente un comportamento dispar neste ano. En concreto, sobe e mellora unicamente nos apartamentos turísticos –en máis de tres puntos porcentuais-, mantense estable nas pensións e descende nas restantes tres modalidades -en case dous puntos nos cámpings e en algo máis de dous puntos nos hoteis e aloxamentos de turismo rural-.
- Os hoteis son a tipoloxía que rexistra o nivel de ocupación máis elevado da oferta de aloxamento cun 37,1% de media neste ano. Nas restantes tipoloxías a cifra sitúase ben por encima do 20% -caso dos apartamentos turísticos, cun 23,6% de prazas ocupadas- ou ben por debaixo desa cifra -con arredor dun 17% nas pensións e aloxamentos de turismo rural, e un 12% nos cámpings-.




Reparto da demanda turística, por tipoloxías. 2025




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2025/24



Estadía media, por tipoloxías. Ano 2025



Evolución demanda turística OURENSE. Noites 2015-25





PROVINCIA DE PONTEVEDRA – AÑO 2025

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	1.538.838	-3,7%	3.244.405	-4,5%	2,11	-0,9%	49,10%	0,60
PENSIÓNS	257.348	33,9%	419.866	15,9%	1,63	-13,5%	33,78%	3,21
ESTAB. HOTELEIROS	1.796.180	0,4%	3.664.270	-2,6%	2,04	-2,9%	46,66%	0,77
APTOS. TURÍSTICOS	107.104	14,7%	377.818	25,2%	3,53	9,2%	30,45%	7,84
CÁMPINGS	182.402	1,2%	726.218	6,3%	3,98	5,0%	33,64%	0,63
TURISMO RURAL	38.924	-12,1%	95.123	-2,5%	2,44	10,9%	20,99%	2,70
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	328.430	3,3%	1.199.159	10,8%	3,65	7,2%	-	-
TOTAL	2.124.610	0,8%	4.863.429	0,4%	2,29	-0,4%	-	-

- No pasado ano 2025 obsérvase un comportamento estable da demanda turística nos establecementos colectivos da provincia de Pontevedra. Neste sentido, tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites mantéñense en cifras parellas ás do anterior 2024 -con variacións inferiores ao 1% interanual-.
- Ralentízase así a dinámica positiva observada nos últimos catro anos, no período 2021-24, con crecementos a taxas variables pero decrecentes que permitiron aos establecementos de aloxamento da provincia superar os 4,8 millóns de noites o pasado ano, situación que se mantén agora en 2025.
- En termos de viaxeiros aloxados o volume final fica por segundo ano consecutivo por encima de 2,1 millóns no conxunto da provincia.
- Pontevedra absorbe o 39% do total da demanda turística de Galicia. É neste sentido a segunda provincia de maior peso na comunidade, por detrás pero preto de A Coruña, circunstancia que acontece por cuarta vez consecutiva desde a pandemia. Xunto con A Coruña representa case o 80% do conxunto da comunidade.
- Neste 2025 o 75% da demanda turística corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 67%- como ás pensións –co 9% neste caso-. O 25% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro,



porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 8% da demanda total-, aos cámpings –co 15%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2% neste caso-.


- Pontevedra é a provincia que ten menor peso das pensións –absorben o 8% do total da demanda- e do segmento de turismo rural e, en cambio, a que ten maior peso dos cámpings –que representan neste caso o 15% do total dentro da provincia-.
- Neste contexto obsérvase un comportamento variable da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Dunha banda crece o número de noites en tres modalidades: un 6% nos cámpings, un 16% nas pensións e un 25% nos apartamentos turísticos. Contrasta isto coas caídas rexistradas nos hoteis –do 4,5%- e nos aloxamentos de turismo rural –do 2,5% neste caso-.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu o 75% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 73% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 22% e aos españois que proceden do resto do Estado –segmento maioritario cun 52% neste caso-. O 27% da demanda corresponde neste caso ao turismo internacional.
 - Neste sentido Pontevedra é a provincia con maior peso do turismo receptor nacional –aquel que procede do resto do Estado- cun 52% do total.
 - Obsérvase neste 2025 un comportamento variable dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido descende o turismo de ámbito nacional –un 5% tanto o interno como o que procede do resto do Estado- mais increméntase o turismo internacional –nun 6% neste caso-.
 - O mellor comportamento relativo do mercado internacional fronte aos dous nacionais permite mellorar a súa cuota de mercado dentro da provincia representando o 27% do total da demanda –a porcentaxe máis elevada da serie histórica-.
- A estadía media no conxunto dos establecementos de aloxamento colectivo da provincia sitúase en 2,3 noites de media, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. Estabilízase a estadía media logo de caídas consecutivas nos catro anos anteriores, no período 2021-24, rexistrando con isto a cifra máis baixa de cando menos os últimos dez anos.
- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con 3,5 noites nos primeiros e con 4,0 noites nos segundos. A cifra sitúase por encima das dúas noites nos hoteis –con 2,1 noites- e nos aloxamentos de turismo rural –con 2,4 noites- e por debaixo dese nivel, co valor máis baixo de toda a oferta, nas pensións –con 1,6 noites de media-.
- Pontevedra rexistra a cifra máis elevada de todas as provincias, circunstancia que acontece ademais en practicamente todas as tipoloxías de aloxamento. Todas as modalidades, agás nos caso das pensións, rexistran en Pontevedra os valores máis altos da comunidade.




- No relativo aos niveis de ocupación estes presentan un comportamento positivo xeneralizado, ben porque se manteñen en cifras parellas ás do pasado ano -caso dos hoteis e dos cámpings- ou ben porque superan as porcentaxes de 2024 -en case tres puntos os aloxamentos de turismo rural, en máis de tres puntos as pensións e en oito puntos os apartamentos turísticos-.
- Os hoteis son a tipoloxía que rexistra o nivel de ocupación máis elevado da oferta de aloxamento cun 49,1% de media neste ano. Nas restantes modalidades a porcentaxe fica no contorno do 30% -concretamente algo máis do 33% nas pensións e nos cámpings, e o 30,5% nos apartamentos turísticos- agás os establecementos de turismo rural –tipoloxía que rexistra a porcentaxe máis baixa cun 21,0% de media neste caso-.




Reparto da demanda turística, por tipoloxías. 2025




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2025/24



Estadía media, por tipoloxías. Ano 2025



Evolución da demanda turística regrada. Noites 2015-25





ANÁLISE COMPARATIVA




Análise comparativa


- Pontevedra e A Coruña son claramente as dúas provincias de maior volume e peso na estrutura da demanda turística de Galicia, circunstancia que se asocia claramente á presenza dun maior número de establecementos e prazas de aloxamento. Ambas agrupan a case o 80% da demanda quedando a cifra restante para Lugo –que absorbe ao 15%- e Ourense –co 6% neste caso-. Neste ano, e por cuarta vez consecutiva desde a pandemia, A Coruña lidera o ranking a nivel da comunidade cun maior volume de demanda en relación ás tres restantes provincias. Absorbe o 40,2% do total.
- As porcentaxes anteriores varían levemente en función das modalidades de aloxamento. No caso das pensións, por exemplo, obsérvase maior concentración da demanda nas provincias do norte –o 48% das pernoctacións nesta tipoloxía localízase na provincia de A Coruña e o 24% en Lugo-. Ambas absorben, por tanto, ao 72% do total da comunidade.
- Tamén se observan diferenzas destacadas no ámbito dos cámpings. Neste caso o 55% das pernoctacións concéntrase nunha soa provincia, en Pontevedra. En Lugo e Ourense este segmento apenas ten peso e importancia: absorben ao 9% e 2% das noites desta tipoloxía.
- As provincias de interior gañan cuota no segmento de turismo rural. Aquí absorben o 23% e o 13% do total das pernoctacións desta modalidade a nivel de Galicia. En A Coruña concéntrase o 37% mentres que en Pontevedra queda o 26%. Desde o punto de vista da distribución territorial o segmento de turismo rural é o que amosa maior presenza e dispersión por toda a xeografía galega.
- O bo comportamento da demanda turística a nivel de Galicia vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en A Coruña e Lugo, as dúas que superan o volume de noites do pasado ano. En Pontevedra a demanda mantense estable e descende unicamente en Ourense. En consecuencia Lugo é a provincia de mellor comportamento da demanda turística no conxunto dos establecementos colectivos.
- En termos absolutos a maior aportación ao incremento global prodúcese tamén en A Coruña –onde se xeraron 133 mil novas pernoctacións- e en Lugo –con case 175 mil neste caso-.
- A estadía media no conxunto da oferta colectiva é maior en Pontevedra –con 2,3 noites de media- en comparacións coas restantes tres provincias –onde se sitúa entre 1,8 e 1,9 noites-. O valor máis baixo rexístrase en Lugo con 1,77 noites de media.
- O hotel é a tipoloxía que rexistra maior nivel de ocupación en todas as provincias, acadando o valor máis elevado en A Coruña –cunha media do 50,3%- A Coruña presenta tamén a cifra máis elevada de ocupación nas pensións e nos aloxamentos de turismo rural, mentres que Pontevedra lidera o ranking de ocupación nos apartamentos turísticos e nos cámpings.
- Ourense, en cambio, é a provincia onde as distintas modalidades de aloxamentos marcan o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade.




Reparto da demanda turística, por provincias. Ano 2025



Reparto da demanda turística de cada tipoloxía, por provincias. 2025



Variación da demanda turística, por provincias. Noites 2025/24



Estadía media no aloxamento colectivo, por provincias. 2025

